

Elimínanse cargas ao aboarse os 2.791.233,65 euros que herdara como pendente de pago

Ortigueira liquida a débeda con entidades financeiras catro anos antes do previsto

O ano 2022 era o prazo previsto para que Ortigueira liquidase os créditos pendentes cando o actual goberno local asumiu o timón do Concello. O equipo liderado por Juan Penabad Muras conseguíuno catro anos antes. No ano 2015 cancelouse un crédito por 135.535,07 euros. En 2016 liquidáronse préstamos de 533.703,6 euros. No ano 2017 outros por importe 497.046,23 euros. E finalmente en setembro de 2018 cancelouse un crédito vencellado ao Plan de Axuste esixido polo goberno central de 1.624.948,75 euros. Ortigueira, aínda ten neste momento préstamos con Administracións Públicas, pero trátase de débedas que non xeran xuros e que, de ser preciso, serían soportadas polos aforros acadados co remanente de tesourería de 2017.

PÁXINA 03



Juan Penabad Muras, alcalde de Ortigueira

Esta actuación mellorará a xestión de residuos

Adxudicadas as obras da EDAR de Espasante á firma Viaqua

O Concello vén de adxudicar unha serie de accións para dotar a estación depuradora de residuos de Espasante de funcionalidades que permitan mellorar a calidade de vida da veciñanza. As actuacións levaranse a cabo tamén en estacións de bombeo como a de Miramar con tapas que pararán os cheiros. **PÁXINA 02**

Concello, Deputación e Xunta financiaranas

O Concello acada 367.000 euros para actuacións no CEIP

Consciente do “abandono” no que estaba sumido o centro, o goberno local obtivo recursos cos que mellorar as dotacións deste a través de financiamentos propios e achegas da Xunta e a Deputación. Ademais, o alcalde trasladoulle a Educación a necesidade de dotar de maior seguridade a contorna. **PÁXINA 07**

Melloraranse tamén as estacións de bombeo como a situada en Miramar

As obras na EDAR permitirán mellorar a depuración das augas

Coa idea de dotar á veciñanza dunha mellor calidade de vida, veñen de adxudicarse diferentes traballos na depuradora de Espasante que se desenvolverán ao longo de seis meses

A execución destas obras, que teñen previsto un prazo de medio ano, realizárase por parte de Viaqua. O presuposto é de 158.936,16 euros (IVE incluído). Teñen por fin corrir os atrancos cos que arestora conta a EDAR de Espasante.

Esta estación depuradora fóralle entregada ao Concello de Ortigueira no ano 2008 e xa desde o comezo detectouse un funcionamento mellorable.

ESTACIÓNS DE BOMBEO

Ademais de na propia EDAR, vanse levar a cabo actuacións na estación de bombeo situada na rúa Miramar, así como na que está radicada no cruzamento das rúas Praia e Horta do río.

Dentro das obras nestas estacións de bombeo está prevista a colocación dun-



As instalacións de Espasante están nunha zona de dominio público

has tapas que impedirán a saída de cheiros, mellorando así a calidade de vida dos veciños e veciñas residentes na contorna. Tamén se prevé limpar o interior dos pozos e vaise adecuar a instalación eléctrica destes puntos que se integran no sistema de depuración das augas residuais de Ortigueira.

Na propia EDAR de Espasante vanse instalar equi-

pos novos para mellorar a súa funcionalidade. Outro dos traballos que se acometerán será o baleirado, limpeza e xestión dos residuos que alí se atopan.

As instalacións están construídas nun terreo de dominio público polo que desde o goberno municipal tivéronse que solicitar permisos ante cinco organismos para poder facelas realidade.

FORMACIÓN DE MOZOS

Curso de drons con exhibición de voo

Durante o mes de agosto e da man da aula CeMIT levouse a cabo un obradoiro para o manexo de drons. Esta actividade despertou a atención dos máis novos.

O resultado foi exitoso e, de feito, moitos dos usuarios trasladáronlle á organización a súa satisfacción polo aprendido ao longo do taller. Como Julia, unha rapaza de dez anos que explicaba: "Repetiríao e recomendaríao a todos os meus amigos. O mellor campamento!"

Esta proposta formativa rematou cunha exhibición de voo de drons coa presenza do alumnado que participou no curso.



Público asistente á demostración



Os pilotos atentos á evolución dos drons



Rexeneración de pistas

A pista de Furnas, na parroquia de Loiba, é un exemplo da rexeneración que está a levar a cabo o goberno de Juan Pebanad. Tamén houbo obras en tramos situados en sitios como O Ermo, no lugar de Caxigueira (As Neves), ou na pista de Barreiros a Xilde (San Claudio).

Esta cantidade poderá ser investida no futuro

O Concello pecha as contas de 2017 cun remanente de tesourería de máis 1,4 millóns

A Comisión Especial de Contas debateu a Conta Xeral para o ano 2017 que se pechou cun remanente de tesourería de máis de 1.462.851,60 euros.

A Conta Xeral obtivo o ditame favorable do devandito órgano. Tamén se emitiron informes positivos en rela-

ción coa regra de gasto e a estabilidade orzamentaria. A Conta Xeral foi sometida a exposición pública para presentar posibles alegacións.

O remanente deixa clara a boa saúde das contas do Concello e permitirá facer uso destes fondos en actuacións de interese xeral.

A boa xestión do equipo liderado por Penabad Muras permite acadar a solvencia económica

O goberno local logra liquidar a totalidade da débeda con entidades financeiras

O 25 de setembro de 2018, o Goberno presidido polo alcalde Juan Penabad Muras, amortizou o último dos seis préstamos bancarios cos que se atopou no inicio do mandato

Unha débeda con entidades financeiras por importe de 2.791.233,65€, herdada do anterior goberno popular, que agora está liquidada definitivamente.

Así, no ano 2015 cancelouse un crédito por 135.535,07 euros. Logo, no ano 2016 canceláronse dous préstamos para pagos de proxectos por importe de 533.703,6 euros.

No ano 2017 canceláronse outros dous préstamos correspondentes á adquisición de terreos e construción da piscina, por unha suma de 497.046,23 euros.

En setembro de 2018 cancelouse un crédito por importe de 1.624.948,75 euros,



Juan Penabad Muras, alcalde de Ortigueira

vencellado ao Plan de Axuste, esixido no seu día polo Ministerio de Economía, aos concellos que precisaban sanear a súa economía.

SANEADA 4 ANOS ANTES

A cancelación desta débeda con entidades financeiras ten unha grande importancia xa que supón acadar a solvencia do concello, unha mellora da economía municipal e ao mesmo tempo evítase o pago de xuros e por tanto a perda de recursos económicos que poden ser destinados a

outras necesidades.

O alcalde amosa a súa satisfacción por ter pagado a débeda coas entidades bancarias catro anos antes do previsto no Plan de Axuste, que prevía rematarse no ano 2022, evitando máis custos polo pago de xuros.

A día de hoxe o Concello de Ortigueira, aínda ten préstamos con Administracións Públicas, pero non xeran xuros e están sobradamente soportadas polos aforros realizados no ano 2017, os chamados remanentes de tesourería.

Dado que a economía do Concello é plenamente solvente, agora procede dar os pasos para saír do Plan de Axuste que tanto condiciona a vida municipal.

RETOS CUMPRIDOS

O alcalde, Juan Penabad Muras, alégrase de ver cumpridos os tres retos máis complexos que se fixou ao inicio do mandato: sanear a economía do concello, atender as necesidades de gasto corrente e prestación de servizos esenciais para as familias, e afrontar os investimentos necesarios para o desenvolvemento de Ortigueira.

Todo iso foi posible grazas ao bo facer do persoal municipal e a non permanecer quedos, senón á permanente iniciativa do goberno local de busca de recursos ante outras administracións, nomeadamente a Deputación da Coruña que, en palabras do alcalde, “esta sendo o balón de osíxeno dos concellos coruñeses”.

Tratábase dunha cuestión demandada por esta e anteriores corporacións

O goberno local consegue que o Sergas asuma os custos de mantemento do centro de saúde

A través dun Convenio asinado coa Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia o Concello traspásalle ao Sergas a titularidade do ambulatorio de Ortigueira. Libérase así ó Concello dun esforzo económico que durante anos ten sido soportado polas arcas municipais.

Tanto a parcela na que se levanta o edificio do centro de saúde de Ortigueira como a propia edificación, pasarán a titularidade do Servizo Galego de Saúde (Sergas) a través da sina-



Exterior do centro de saúde

tura dun convenio entre ambas as dúas entidades. Desde o momento no que se faga efectivo ese cambio

de donos, será o devandito organismo autonómico quen se faga cargo dos custos derivados do man-

temento do centro de saúde que atende á veciñanza de Ortigueira.

SUBMINISTRACIÓNS

Desde o Concello asúmese o compromiso de facilitar o traslado da titularidade dos contratos das subministracións viventes, tamén acontece o mesmo con diferentes servizos para o ambulatorio.

O traspaso desta dotación sanitaria á Xunta de Galicia é unha vella demanda que se buscou facer realidade deste e de gobernos municipais precedentes. Conseguir eximir o Concello deses gastos supón un claro alivio para as arcas municipais que se liberan deste xeito dunha carga.

Juan Penabad, alcalde de Ortigueira, fixo a ofrenda na misa pola patroa da diocese Mondoñedo-Ferrol

Ortigueira acode ao 80 aniversario da ofrenda á Virxe dos Remedios

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad, foi o encargado de realizarlle a ofrenda á Virxe dos Remedios, patroa da diocese de Mondoñedo, no seu oitenta aniversario. Por mor desta espiritual cita, o rexedor ortegano acudiu ao concello mindoniense acompañado por Marta e Guillermo, de 3 e 7 anos respectivamente, e por máis dun centenar de veciños e veciñas do concello entre os que se atopaban membros da corporación local.

A banda de música municipal de Ortigueira escoltou a comitiva no seu camiño desde o Concello de Mondoñedo ata a igrexa dos Remedios. Lugar no que tivo lugar a misa solemne pontifical presidida polo bispo de Mondoñedo, Luis

Ángel de las Heras, e cantada pola Coral Polifónica do concello de Ortigueira.

Durante o acto, Juan Penabad expuxo os seus rogos ante a Virxe dos Remedios baixo a mirada

dos alí presentes. As súas palabras centráronse na súplica por resolver problemas que están á orde do día na nosa sociedade. Rogou pola intelixencia política necesaria para

solucionar cuestións tan graves como a violencia contra as mulleres, o maltrato á infancia, o deterioro do planeta, a guerra e a fame ou a situación das persoas refuxiadas. En palabras de Juan Penabad: “Para que, entre todos e todas, sexamos capaces de apuntalar a democracia do presente e do futuro. Construindo unha sociedade inclusiva, xusta e tolerante, que se afaste do sectarismo, do odio e da explotación”.

Tras estas palabras cargadas de bos propósitos, Marta e Guillermo procederon a facer entrega do Cofre da ofrenda. Ao remate da cerimonia comezou a tradicional procesión na que tomou parte a Escola de Gaitas de Ortigueira.



O alcalde de Ortigueira durante a ofrenda á Virxe



Representantes da corporación reunidos no Concello de Mondoñedo antes de comezar a andaina cara á igrexa dos Remedios



Guillermo e Marta durante a misa solemne oficiada polo bispo de Mondoñedo e cantada pola Coral Polifónica de Ortigueira



Juan Penabaz cos pequenos oferentes ao final do acto



A Banda Municipal de Ortigueira, polas rúas de Mondoñedo



A comitiva camiñou dende o Concello ata a igrexa dos Remedios



O toque de música tradicional na procesión púxo a Escola de Gaitas de Ortigueira

ESPACIO RESERVADO PARA ENTIDADES ASOCIATIVAS DO MUNICIPIO

Os Carecos recada 7.000 euros para a loita contra o cancro



Imaxes do III Serán Careco, que tivo un obxectivo solidario

O quinteto de música tradicional galega Os Carecos fixo entrega de máis de 7.000 euros á Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia, recadados no III Serán Careco Solidario.

O evento celebrouse o día 1 de setembro e reuniu no Campo da Rocha de San Claudio as agrupacións musicais Maghúa, No Cómbaro, Andarivel, Os

do 21, Os Chaos, Aldomir, Quenindiole, Son D'aquí, As Cantaranzeiras, Os Sobraos, Hai que roelo, Os ferozes da Galgueira, Cinco en zocas, Tocadoras da toca, Xaora tradicional e Xígaros de Lugo, ademais dos anfitrións.

Tamén houbo, xunto coas actuacións de música, unha feira de artesanía, un obradoiro de baile e un xantar, para rematar cunha

foliada aberta este festival con fins solidarios.

Os compoñentes dos Carecos amosaron a súa satisfacción pola xenerosa resposta da xente a unha actividade que naceu cun fin altruísta. Nesta edición superouse en máis de mil euros os cartos conseguidos na edición do pasado ano, destinadas á Asociación de Axuda a Nenos Oncolóxicos de Galicia.

CELEBRACIÓN

XIII Festa da Asociación das Neves

Como cada ano, no mes de maio, a Asociación das Neves celebrou a súa festa, na que se xuntaron os veciños e veciñas desta parroquia e doutras colindantes.

Nesta edición degustaron unha exquisita paella e churrasco. Unha vez finalizada a xuntanza gastronómica, os alí presentes puideron gozar da amenización musical do dúo JM.



A paella, protagonista na Festa

Realizáronse actividades como lanzamento de paxe ou subida de eucalipto Couzadoiro celebra as súas Olimpíadas Rurais

A parroquia de Couzadoiro acolleu o día 8 de setembro a VI edición das súas Olimpíadas Rurais, que coincidiron coa celebración da Romaxe do Loreto. Organi-

zada pola asociación de veciños coa colaboración do Concello e da Deputación Provincial, a xornada deu comezo cun faladoiro sobre "Alternativas renovables",

que correu a cargo de Pablo Álvarez, presidente da cooperativa A nosa enerxía.

Ás 12.40 horas tivo lugar unha ofrenda na igrexa de San Cristovo á Virxe de Loreto, e pouco despois deu comezo a parte musical do programa, co grupo Triversión e a degustación de cervexa artesá.

COMEZARON OS XOGOS

As Olimpíadas Rurais deron comezo ás 17:00 h da tarde, incluíndo actividades como a recollida de carozas, carreiras de carretillas por parellas, lanzamento de paxe, subida ao eucalipto, ou tiro de corda interfamiliar.

Entregáronse os premios ao finalizar e Os Carecos e Skol amenizaron o fin da xornada.



Alguns dos participantes das VI Olimpíadas Couzadoiro

PREVENCIÓN LUMES

Un convenio permite reducir os custos da limpeza de franxas

Logo de adherirse a un convenio subscrito entre Fegamp, Xunta, e Seaga, o Concello de Ortigueira e a súa veciñanza poderán reducir custos na xestión de biomasa forestal e das especies arbóreas nas franxas secundarias.

En concreto, os titulares de montes poderán contratar esa xestión cun prezo de 0,035€ por metro cadrado.

Ademais, o Concello de Ortigueira recibirá auxilio técnico no Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios forestais, e apoio técnico na elaboración da documentación de xestión da biomasa.

Propuxéronse a Educación cambios na contorna por seguridade

Melloras no CEIP José María Lage por valor de 367.000 euros

A xestión do goberno municipal permitiu acadar recursos propios e doutras administracións por valor de 367.000 euros para levar a cabo melloras no CEIP José María Lage, un centro que estaba “abandonado” segundo apuntaba o alcalde

O Concello conseguiu 150.000 euros da Xunta para renovar a carpintería exterior do centro e 60.000 euros para corrixir deficiencias nas paredes.

Con 117.000 euros, procedentes do POS da Deputación, acondicionáronse o ximnasio dotándoo con novo pavimento, impermeabilización da cuberta e mellora da seguridade (iluminación de emerxencia, extintores, sinalización e ampliación

de vías de evacuación). Tamén están adxudicadas as obras no pavillón polideportivo centradas na cuberta, o cerramento exterior, o acristalamento e a carpintería, que supoñen un investimento de 40.000 euros. Esta instalación dálle servizo a toda poboación.

CONTORNA SEGURA

Consciente das necesidades do centro, o alcalde

trasladoulle ao xefe territorial de Educación a proposta de dotalo “dunha entrada máis digna”. Nesta liña, mellorárase o pavimento e o pintado exterior e interior do recinto. Faise tamén precisa a construción de dúas novas saídas de emerxencia, un tema que xa se falou coa Dirección do centro. Juan Penabad Muras considera que se trata de “satisfacer necesidades do



Juan Penabad Muras reuniuse co xefe territorial de Educación, Indalecio Cabana

O debut desta actividade municipal foi en augas da ría de Ortigueira

O Concello impulsa por primeira vez o curso de remo en kaiak e de *paddle* surf en augas calmas



Os rapaces, gozando da actividade de kaiak en augas tranquilas

O goberno municipal decidiu organizar, por primeira vez en Ortigueira, un curso de remo en kaiak, no que participaron catorce rapaces e rapaces de toda a contorna da comarca.

Durante unha semana descubriron en agosto a

faceta máis divertida dos deportes acuáticos.

Vencellada á actividade que comentabamos anteriormente, tamén os deportistas tiveron a posibilidade de converterse en verdadeiros expertos do *paddle* surf, unha innova-

dora maneira de combinar o remo e o surf.

Trátase dunha modalidade que se desenvolve co deportista enriba dunha táboa, de pé e vogando cun remo. É unha disciplina que se remonta ás orixes dos pobos polinesios, e seu nome tradicionalmente significaba “navegar unha onda”.

Nestes cursos de verán, impulsados polo Concello, os nenos e nenas puideron coñecer de primeira man outra modalidade e de gozar das actividades en canoa nas augas en fronte ao peirao, realizando viaxes cara a Mera.

VOLTA A ESPAÑA

A 12ª etapa da proba ciclista, en Ortigueira



A Vuelta Ciclista a España pasou por Ortigueira na edición de 2018. Cun total de 177,5 quilómetros, os 176 corredores superaron os tramos do Alto de San Pedro, Mañón, Devesos e Covelo, ata chegar á estrada xeral de Ortigueira. Despois dun *sprint* intermedio seguiron cara a Espasante e Loiba en dirección de novo a Mañón, onde estaba o final de etapa, concretamente no faro de Estaca de Bares.

CORRE POLO NORTE 18

A VII Carreira Popular tivo 160 persoas inscritas



Na súa sétima edición, a Carreira Popular de Ortigueira contou con éxito de participación. En total houbo 160 persoas inscritas. Os corredores, divididos en oito categorías segundo tramos de idade, afrontaron cadanseu percorrido. Os ‘Pitufos’, correron 100 metros; os benxamíns 500 metros; os alevíns e infantís, 1.500, e o resto de participantes, 5 quilómetros.



Festa da Música



Concerto de Borja Quiza




I Festival Habaneras



Festa da Música




Concerto de Borja Quiza



I Festival Habaneras



Festa da Música



I Festival Habaneras

O Ortegal inúndase de música

Ortigueira é terra de son e baile. A música é unha parte fundamental da cultura ortegana e, como tal, forma parte do día a día dos veciños e veciñas do concello.

O estío contou con numerosos eventos que tiveron esta arte como protagonista. No I Festival de Habaneras e Canción Mariñeira, Pilar Gómez García recibiu o galardón 'O son dunha vida'

co fin de homenaxear a súa contribución á música do Ortegal.

A Festa da Música contou con estilos para todos cunha mestura de sons tradicionais, letras rap e voces corais. Ademais, o concerto 'Alma, corazón e vida' do barítono da vila Borja Quiza fixo as delicias do público que acudiu a gozar da súa voz o pasado agosto.



I Festival Habaneras



I Festival Habaneras

Axenda Telefónica

SERVIZOS DE EMERXENCIA

Ambulancia 061
Emerxencias 112
Emerxencias Garda Civil 062
CONCELLO
Centraliña 981 400 000
Policía Local
696 446 863
696 446 864
GES 649 446 870
Servizos Sociais 981 402 542
Oficina Turismo 981 974 103
Biblioteca 981 400 101
Aula CEMIT 981 402 533
Piscina 981 422 026
Escola Música 981 402 432

ENSINO

IES Ortigueira 881 930 407
Colexio José María Lage
881 930 417
Escola Infantil Galiña azul
981 422 517
CENTROS DE SAÚDE
Ortigueira
981 401 052
981 401 076
Espasante 981 426 600
Mera 981 628 544

FARMACIAS

Farmacia Leal 981 401 026
Farmacia María Martínez Ares
981 408 384

Farmacia Mercedes Fraga

981 401 101
Farmacia Saborido 981 428 081
Farmacia Sandomingo
981 400 004
Farmacia Torres 981 400 040
TAXISTAS
Parada de Taxis 981 400 869
Sta. Marta de Ortigueira
Antonio Pena 680 512 037
Carlos Piñón 655 681 198
Javier Iglesias 639 657 227
Javier Otero 651 850 819
José López 699 154 107
Mª Jesús Soto 626 642 516
Pedro Cheda 608 585 825

Rosario Martínez 608 580 449

Vicente Blanco 638 102 938
Parada Mera de Abaixo
Adolfo Casas 610 871 387
Parada Mera de Arriba
David López 606 543 176
OUTROS CONTACTOS DE INTERESE
Garda Civil 981 400 021
Extensión Agraria 981 400 106
Residencia Dolores Díaz Dávila
981 400 109
Confraría Pescadores 981 408 144
ASPROMOR 981 422 288
Tanatorio 981 422 425
Seguridade Social 981 400 181
FEVE 981 422 201